



NOTA DE PRENSA 29 de marzo 2019

## **A D.O. Ribeira Sacra continúa a súa promoción en Vinis Terrae os días 1 e 2 de abril**

Vinis Terrae, o salón profesional especializado en viño e licores galegos de calidade, chega á súa sexta edición. Durante dous días, **Expourense** convértese nun gran centro de negocios no que se facilitará o contacto directo entre adegas e compradores nacionais da distribución e da hostalería, así como importadores de distintos países, como Alemaña, Países Baixos, Estados Unidos, Polonia, Austria e Reino Unido. Tamén estarán presentes en Ourense representantes da prensa especializada nacional e internacional.

A **Denominación de Orixe Ribeira Sacra** acode con stand propio no que, en horario de 10.00 a 18.00, darase información sobre os viños e repartirase material promocional da Denominación. Ademais os viños da D.O. Ribeira Sacra formarán parte das catas comentadas que desenvolve o EVEGA.

A D.O. Ribeira Sacra estará representada tamén a través de adegas que acoden a Vinis Terrae a nivel particular, é o caso de **Adegas Cachín, Adegas Tear, Adegas Ribada, Adegas Régoa, Adegas Pilares de Belesar, Karma do Sil, Rectoral de Amandi e Virxen dos Remedios**.

Vinis Terrae ofrece novas oportunidades comerciais para os viños da D.O. Ribeira Sacra en mercados nacionais con gran concentración turística e permite xerar contactos no estranxeiro con interesados na produción galega, impulsando a exportación no sector.

A D.O. Ribeira Sacra acode a Vinis Terrae, despois dos bos resultados da participación en **Prowein**. Tras Vinis Terrae, a seguinte cita coa promoción internacional para os viños Denominación de Orixe Ribeira Sacra, será o **Salón Gourmets en Madrid**, do 8 ao 11 de abril.

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra  
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España  
Teléfono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265  
Comunicación: Marta 698 167 991  
Email: [comunicacion@ribeirosacra.org](mailto:comunicacion@ribeirosacra.org)